



XARABAL

traspès

ASOCIACIÓN CULTURAL



Proxecto Espectáculo

Xarabal & Traspés

FESTAS PATRONAIS

TRASPÉS & XARABAL

PRESENTAN:

O CARMÉ

DIA 18 DE ABRIL NO TEATRO-CINE SALESIANOS DE VIGO ÁS 21.00 HORAS



PROGRAMA

21 BOMBAS DE PALENQUE PARA ABRIR A FESTIVIDADE. ALBORADA POR TODA A PARROQUIA A CARGO DUNHA CHARANGA.

FUNCIÓN RELIXIOSA EN HONRA Á PATRONA (A PROCESIÓN ESTARÁ ACOMPAÑADA POLA BANDA DE GAITAS).

SESIÓN VERMUT COA **BANDA DE GAITAS XARABAL E A.C. TRASPÉS.**

Á NOITE **GRAN VERBENA** AMENIZADA POR ESTAS AGRUPACIÓNS.




ENTRADA DE BALDE CON INVITACIÓN

Lugar de recollida: sede da Deputación de Pontevedra en Vigo, Rúa Oporto Nº 3
De Luns a Venres de 9 a 14 horas

ORGANIZAN



ASOCIACIÓN CULTURAL



XARABAL

PATROCINA



Deputación
Pontevedra



I ESPECTÁCULO DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL TRASPÉS & XARABAL: “O CARME”

Por que Traspés?

Unha das principais metas que o equipo directivo da Asociación Cultural Traspés se marcou desde un principio, foi a da creación de eventos encamiñados á promoción e difusión da cultura tradicional e popular de Galicia. É por isto, que desde Traspés tentamos axudar a despertar o interese polas nosas tradicións.

A principal ferramenta coa que contamos é o noso grupo artístico: O Grupo de Música e Baile Tradicional Traspés, que é unha entidade dedicada á recuperación, investigación, conservación e difusión do folclore.

Fundada a finais do ano 2009 en Vigo por un grupo de amigos cunha importante traxectoria no eido do mundo tradicional, Traspés ten como finalidade amosar ao público unha realidade cultural que nos resistimos a esquecer. A través dos traballos de recollida de campo por toda a xeografía galega, poñemos o acento en diversos aspectos relacionados coa etnografía da nosa comunidade, tentando ser fieis e non desvirtuar ningún dos seus detalles. Así, na posta en escena, e grazas á información debidamente contrastada acerca da indumentaria, xoiería, bailes, músicas, cantares, instrumentacións, etc. podemos ver e sentir momentos da forma de vida dunha época e lugar determinados, facendo posible unha fotografía en vivo de tempos pasados.

O grupo artístico está dividido nas seguintes seccións:

- **Grupo de Baile:** O corpo de baile do grupo artístico Traspés está composto por 11 parellas mixtas, encargadas de interpretar aquelas danzas recollidas pola agrupación durante a súa traxectoria. Desenvolven un labor etnográfico de recompilación e recuperación, acudindo a exemplos e relatos das persoas que aínda gardan viva na súa memoria o facer doutro contexto e momento histórico. Este traballo desenvólvese regularmente por toda Galicia, visitando os lugares onde viven os informantes, documentando mediante audio e vídeo toda a información recollida para o seu estudo e posterior reinterpretación, tentando ser o máis fieis posible á tradición de partida.



XARABAL



Proxecto Espectáculo **Xarabal & Traspés**

- **Grupo de Pandereteiros:** Formado por oito voces masculinas, dedícanse á interpretación de cantos de tradición oral acompañados de percusión. Estes cantares son recollidos directamente dos informantes por toda a xeografía galega, respectando sempre as características propias de cada zona: xeitos de emisión, técnica de acompañamento, tipos de instrumentos empregados, repertorio e estilo. A posta en escena pretende transmitir a forza dunha tradición musical do rural galego, e axudar ao mesmo tempo, a mantela viva.
- **Grupo de Pandereteiras:** Igual que a sección anterior, pero neste caso con voces femininas, o grupo de pandereteiras Traspés traballa tamén na recuperación e divulgación da música vocal en Galicia. Son dez as mulleres que integran esta sección, recollendo o testemuño de moitas outras mulleres antes principais intérpretes e transmisoras do canto popular galego, presente en moitos momentos da vida dos nosos devanceiros.
- **Grupo de Música Tradicional:** A charanga da agrupación está formada actualmente por dúas gaitas, clarinete, saxo, acordeón, tambor, bombo con pratos e pandeireta. O seu repertorio baséase fundamentalmente en músicas bailables, recollendo o testemuño doutras formacións instrumentais anteriores, nas que a gaita estaba presente como instrumento principal, e á que se foron engadindo ademais da percusión, outros instrumentos de vento, amenizando as festas, e moitas das veces, desenvolvendo o papel das bandas de música.

Por que Xarabal?

Sen dúbida, unha das agrupacións de máis longa traxectoria en Vigo, e da que saíron músicos coas carreiras máis brillantes da música tradicional e folk de Galicia. Xarabal fúndase no ano 1984, ligada ao “Obradoiro escola de instrumentos populares galegos”, pertencente á Escola de Artes e Oficios e dirixida por Antón Corral.

A Banda de Gaitas Xarabal ofrece espectáculos nos que participan máis de cincuenta músicos. O seu principal obxectivo é mostrar ao público un amplo espectro dentro da música galega; para isto, conta cun repertorio formado tanto por pezas tradicionais coma de autor.

Baixo unha clara intención de renovación e apertura, Xarabal fai uso dos instrumentos tradicionais da música galega, integrándoos cos propios doutras



Proxecto Espectáculo **Xarabal & Traspés**

culturas e incluso con sintetizadores ca intención de crear novas sonoridades e matices.

A Banda de Gaitas Xarabal nace da man do mestre e músico Antón Corral na Universidade Popular de Vigo como actividade complementaria do Obradoiro de Instrumentos Populares Galegos no ano 1984. A Universidade Popular actuou como caldo de cultivo xa que serviu para crear unha enorme canteira tanto de músicos como de artesáns. Desta maneira Antón Corral agrupou a todos estes alumnos no que sería o precursor da Banda de Gaitas Xarabal, o grupo didáctico. O seu obxectivo era facer música tradicional cos instrumentos realizados no Obradoiro e con coloquios didácticos nos seus concertos sobre a música interpretada e a historia dos instrumentos.

No ano 1984, foi tanta a demanda que o grupo didáctico non chegaba para dar cabida a todos os músicos desexosos de participar no mesmo. Foi entón cando se comezou a especular coa idea de crear unha banda de gaitas.

Cando todas estas figuras da cultura musical galega recibiron a noticia da incipiente creación da banda de gaitas, recomendaron ós seus mellores alumnos para formar parte deste gran proxecto. Tamén se implicaron nesta iniciativa numerosos estudantes do Conservatorio Superior de música de Vigo como Carlos Núñez, Anxo Pintos, Xavier Abad... que aportaron unha grande calidade musical non só no ámbito da música tradicional senón no apartado máis técnico e académico.

A banda de gaitas bautizouse co nome de "Xarabal" e quedou formada oficialmente en setembro de 1984. Xarabal é un nome metafórico que significa "grupo de peixes ante un perigo". Antón Corral explicaba sempre que o nome se lle puxo pensando que os músicos dedicados ao folclore galego corrían o perigo de desaparecer, xa que daquela era difícil permanecer no mundo da música tradicional.

Case dous anos de duro traballo pasaron, ata que o día 7 de xuño de 1986, apadriñada polo gaiteiro Ricardo Portela, a Banda foi presentada en público no auditorio García Barbón da cidade de Vigo. A acollida por parte dos espectadores que acudiron ao evento foi moi satisfactoria, feito que aumentou as ganas de seguir traballando de todos os seus compoñentes. Algo moi atractivo de cara ao público naquel momento era a combinación de gaitas en distintas afinacións, feito moi pouco habitual por aquel entón dadas as dificultades de afinación propias do instrumento.

En abril de 1987 Xarabal e o Grupo Didáctico desprázanse aos estudos "Ángel Estudio II" de Lisboa para gravar o que sería o seu primeiro traballo discográfico: "Instrumentos Musicais Populares Galegos". O traballo sería de



Proxecto Espectáculo **Xarabal & Traspés**

grande importancia non só para Xarabal senón para a cultura musical galega en xeral, xa que tiña un carácter basicamente didáctico. En 1993 Xarabal volve ós estudos para gravar o que sería o seu primeiro traballo en solitario. Nel inclúíanse un total de 12 pezas onde se combinaban perfectamente os instrumentos dos que se dispoñían naquel momento en grandes interpretacións de temas emblemáticos como “A Barroca” de Nazario Iglesias Moxenas, “Marcha Procesional de San Benito”, “Polca de Vilagarcía”... Unha vez máis o disco foi todo un éxito entre a crítica e o público, converténdose nun dos traballos discográficos de referencia no mundo da gaita.

Tras a xubilación de Antón Corral a Banda de Gaitas Xarabal desvincúlase oficialmente da Universidade Popular, pasando a constituírse como Asociación Cultural independente.

Durante o período que comprende os anos 2001 a 2008 a actividade da Banda de Gaitas Xarabal prosegue na mesma liña con Antón Corral como director principal, ausentándose durante breves períodos por motivos persoais e de saúde. Nesta etapa colabora na gravación de varios traballos discográficos.

A partir do ano 2008 Xurxo Fernández toma a dirección da Banda de Gaitas Xarabal, quen xa era membro da banda anos atrás e estaba finalizando os seus estudos de “Licenciado en Instrumentos da música popular e tradicional galega”. Traballouse na creación dun espectáculo audiovisual cun novo repertorio, emprego de novas tecnoloxías, unha nova posta en escena e, paralelamente, iniciouse a gravación dun novo traballo discográfico.

Durante os seguintes anos Xarabal profundizou en novos ritmos, novos instrumentos e montaxes dun alto nivel interpretativo culminando no ano 2010 coa presentación do espectáculo “VIA NOVA” no Auditorio Martín Códax de Vigo.

A partir do ano 2014 Xarabal entra a formar parte da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo e, simultaneamente, toma a batuta da banda Abraham Fernández, antigo compoñente da banda, mestre e recoñecido músico do panorama folk.

Estes dous cambios marcan o comezo dunha nova etapa centrada en recuperar un repertorio principalmente tradicional e conseguir unha perfecta posta en escena.



Por que este espectáculo?

Tanto a A.C. Traspés como a A.C. Xarabal, están ligadas á música de Galicia, se ben, dende ángulos e puntos de vista alonxados. Por un lado, desde Traspés, buscando a parte máis tradicional e antiga do folclore, e desde Xarabal, introducindo a música tradicional en ámbitos e formacións máis modernas, dando cabida á multitude de músicos vinculados coa música galega. Precisamente por isto, por esta diferente realidade e tomando este proxecto como un reto, xorde a idea deste espectáculo, que dá sentido a esta sorprendente fusión.

Con este espectáculo buscamos:

- Promocionar a realización de actividades relacionadas coa cultura galega.
- Proporcionar coñecemento sobre a historia, o folclore e o patrimonio inmaterial de Galicia, a través da creación artística.
- Motivar ao público xeral e en especial aos máis novos no achegamento á riqueza cultural e patrimonial, posibilitando unha actividade que aúne aos nosos maiores e aos máis pequenos.
 - Mediante o emprego de medios audiovisuais e outras novas tecnolóxicas.
 - Mediante novas composicións baseadas en ritmos e sons antigos.
 - Cunha posta en escena novedosa e atractiva que enganche a nenos e maiores.
- Mostrar novas maneiras de entender a música tradicional, entendendo que o coñecemento do propio é o mellor camiño para a creación de novo repertorio, novas formacións, novas instrumentacións, etc.
- Promover actitudes sociais que encamiñen á valoración do patrimonio artístico, como factor de desenvolvemento, e potenciar as que contribúan ao seu estudio e coñecemento.
- Trasladar a un escenario parte do noso patrimonio inmaterial, mostrando unha gran variedade de bailes, músicas e cantares de diversas zonas da nosa comunidade.



Proxecto Espectáculo Xarabal & Traspés

- Entreter, emocionar e experimentar sensacións de nostalxia, ledicia, tristeza... trasladando ao público a un xeito de vida moi distinto e esquecido nestes tempos.

Por que “O Carne”?

Na actualidade, Galicia é unha das culturas onde o folclore está máis vivo. Son moitas as persoas e as agrupacións que están e viven vinculadas á música e baile tradicional de Galicia. Apostando pola creación de espectáculos de gran dimensión e calidade, situando á música e baile tradicional galego no primeiro nivel, e apostando pola tradición e a innovación a un tempo, nace “O Carne”.

“O Carne”, *I Espectáculo de Música e Baile tradicional Traspes & Xarabal*, é a ferramenta a través da que estes dous colectivos queren achegar ao público parte do traballo desenvolvido ao longo destes anos. Deste xeito, amosar de diferentes maneiras parte do patrimonio inmaterial de Galicia, sendo rigorosos cos traballos de campo realizados, e tratando de que a comunicación co público sexa directa, doada e lúdica.

O fío condutor deste *I Espectáculo Traspés & Xarabal* é unha viaxe no tempo. Un día de Festa maior. En todas as parroquias de Galicia realizábanse e realízanse festexos arredor dunha data, o día da Patroa. Nós escollemos unha das festas patronais máis comúns da nosa xeografía galega, unha terra cunha importante vinculación ao mar: “O Carne”. Condensaremos en apenas dúas horas de espectáculo, un día completo de celebracións, dende a alborada madrugadora, ata a verbena máis trasnoitadora. Estarán presentes no espectáculo músicas e bailes das catro provincias, melodías e cantos populares, en definitiva, o repertorio máis representativo da nosa música tradicional.

Guión do espectáculo

“O Carne” desenvolverase en tres actos:

- ACTO I

O primeiro acto céntrase na mañá. A parte máis seria e cerimonial deste día de festa. Consta de dúas partes á súa vez: a alborada, na que os gaiteros tocan de mañanciña polas corredeiras da parroquia, e a música que rodea á misa maior, tanto antes como despois da celebración da mesma.



Proxecto Espectáculo Xarabal & Traspés

Alborada

Misa solemne

- ACTO II

O segundo acto correspóndese coa parte central do día. Nas casas hai convidados á mesa, na praza do pobo hai tamén xantar de convivencia veciñal. Hai boas viandas, viño nas mesas, boa compañía, e ambiente festivo nas sobremesas, que propician a música e o baile improvisado.

- ACTO III:

O terceiro e último acto correspóndese coa última parte do día, a tardiña e a noite. No campo da festa temos A VERBENA, a festa propiamente dita. Diferentes agrupacións populares amenizan este día. O pobo disfruta do baile, alongando unha noite que ninguén quere que remate.

Infraestrutura:

Neste espectáculo participan arredor dun centenar de persoas (integrantes do grupo artístico Traspés e da Banda de Gaitas Xarabal), un técnico de son e iluminación, e un asistente de produción

Para levar a cabo este proxecto, precísanse os seguintes medios técnicos:

- 20 m² de plataformas (10 módulos de 2x1)
- Pantalla que cubra o fondo do escenario, onde proxectar imaxes que farán de fondo de escena.
- 10 cadeiras sen brazos.
- Vestiarios amplos para 100 persoas.
- Escenario de 10 m. de fondo por 12 m. de ancho (mínimo).